

CINEMA, REXISTRO VIVO DA NOSA MEMORIA

1258

Inés Toharia, 2023

ESTREA EN NUMAX: 15.03.2024 | V.O.S.E. | TP | 118 min

Segundo penetramos na era dixital, o noso patrimonio audiovisual parece que se dá por sentado. Porén, boa parte do cinema e da nosa historia filmada xa se perdeu para sempre. Arquivistas audiovisuais, técnicos e cineastas de diferentes lugares do mundo explicánnos que é a preservación filmica e por que é necesaria. Os nosos narradores son gardiáns do cinema e traballan entre bastidores, afastados dos focos, salvagardando o legado audiovisual.

CINEMA, REXISTRO VIVO DA NOSA MEMORIA

1258

Inés Toharia, 2023

ESTREA EN NUMAX: 15.03.2024 | V.O.S.E. | TP | 118 min

Segundo penetramos na era dixital, o noso patrimonio audiovisual parece que se dá por sentado. Porén, boa parte do cinema e da nosa historia filmada xa se perdeu para sempre. Arquivistas audiovisuais, técnicos e cineastas de diferentes lugares do mundo explicánnos que é a preservación filmica e por que é necesaria. Os nosos narradores son gardiáns do cinema e traballan entre bastidores, afastados dos focos, salvagardando o legado audiovisual.



Entrevista con Inés Toharia: «A conservación do cinema é unha obriga política»

Por Eduardo García Rojas

Que a levou a rodar Cinema, rexistro vivo da nosa memoria? Solicitei unha bolsa para un curso de cinema documental que me permitiu descubrir o traballo de documentación e preservación. Esta bolsa permitíume ir aos Estados Unidos onde, entre outras actividades, impartían clases especializadas en conservación de películas. Isto abríume a un mundo no que a historia de cinema se relaciona coa propia técnica e coa súa relevancia histórica, sociolóxica e artística.

Despois de rodar este documental e mostrar a delicada vulnerabilidade dos diferentes soportes audiovisuais, como observa o futuro do que coñecemos comunmente como cinema? Desde o principio ao cinema sempre se lle deu por morto aínda que agora somos sociedades moi audiovisuais. Tanto, que hoxe en día e con teléfonos móbiles de nova xeración aprendemos a facer os nosos propios vídeos sen sabermos moi ben que facer con todo isto? Paga a pena gardalos? O que fai falla é concienciarnos de que somos seres que contaminamos e cómpre pensar na selección da preservación. Están a facerse moitas cousas en canto a restauración de cinema que antes eran impensables pero é preocupante a xeración de datos pois os aparellos que empregamos están compostos de materiais contaminantes. Deberíamos deternos e reflexionar cara a onde imos.

Vostede defende que a conservación tería que ser unha obriga política. A conservación é unha obriga política á parte de persoal. A nivel de arquivos nacionais, as institucións públicas descoidárono moito.

Cre que esta mensaxe por conservar estes materiais calou na opinión pública? Témoste que non aínda que hai xente que si. Achegáronsenos estudantes de cinema que tras ver o documental queren dedicarse a isto porque o que mostramos non se ensina nas escolas de cinema. É dicir, o labor que desenvolve unha filмотeca non é só a de exhibir películas, é preciso a súa preservación. Por desgraza, é un proceso lento e moi pouco recoñecido.

Nos últimos anos recuperáronse películas que se crían perdidas e o seu descubrimento ensinounos que temos que reescribir a historia do cinema. Son demasiadas as películas do cinema mudo que desapareceron aínda que afortunadamente aparecen algunhas que levan forzosamente a reescribir a historia. Que estas películas existan débese nalgúns casos a casualidades e noutros a unha persoa que por unha cuestión de conciencia decidiu salvar ese material. Lembro escoitar unha gravación do fundador da Cinemateca Francesa, Henri Langlois, na que contaba con frustración como descubriera nun mercadillo unha versión de *Salomé* (J. Gordon Edwards, 1918) que non comprou nese momento e que despois non volveu a atopar. A historia do cinema reescíbese continuamente e sobre todo desde Europa onde facemos unha historia occidentalizada. Pero de súpeto chegan a nós creadores como o tunisiano Albert Sasama-Chikli, que proxectou películas dos irmáns Lumière en Tunes, filmou baixa a auga e capturou imaxes da I Guerra Mundial, e a túa visión muda. O mesmo pasa coas mulleres cineastas, aínda non abondo recoñecidas..

Neste relato que personaxes destacarías como grandes responsables do rescate e conservación de materiais audiovisuais? A todas. A esa persoa que creu en algo e salvou ese material que máis tarde foi clave para coñecer mellor o pasado. Os arquivistas son todos heroes, pero se me pides só dous nomes diría os de Henri Langlois nos anos 30 e Martin Scorsese, na actualidade, un cineasta que se interesa moito por todo este campo e colaborou na creación de The Film Foundation.

Entrevista con Inés Toharia: «A conservación do cinema é unha obriga política»

Por Eduardo García Rojas

Que a levou a rodar Cinema, rexistro vivo da nosa memoria? Solicitei unha bolsa para un curso de cinema documental que me permitiu descubrir o traballo de documentación e preservación. Esta bolsa permitíume ir aos Estados Unidos onde, entre outras actividades, impartían clases especializadas en conservación de películas. Isto abríume a un mundo no que a historia de cinema se relaciona coa propia técnica e coa súa relevancia histórica, sociolóxica e artística.

Despois de rodar este documental e mostrar a delicada vulnerabilidade dos diferentes soportes audiovisuais, como observa o futuro do que coñecemos comunmente como cinema? Desde o principio ao cinema sempre se lle deu por morto aínda que agora somos sociedades moi audiovisuais. Tanto, que hoxe en día e con teléfonos móbiles de nova xeración aprendemos a facer os nosos propios vídeos sen sabermos moi ben que facer con todo isto? Paga a pena gardalos? O que fai falla é concienciarnos de que somos seres que contaminamos e cómpre pensar na selección da preservación. Están a facerse moitas cousas en canto a restauración de cinema que antes eran impensables pero é preocupante a xeración de datos pois os aparellos que empregamos están compostos de materiais contaminantes. Deberíamos deternos e reflexionar cara a onde imos.

Vostede defende que a conservación tería que ser unha obriga política. A conservación é unha obriga política á parte de persoal. A nivel de arquivos nacionais, as institucións públicas descoidárono moito.

Cre que esta mensaxe por conservar estes materiais calou na opinión pública? Témoste que non aínda que hai xente que si. Achegáronsenos estudantes de cinema que tras ver o documental queren dedicarse a isto porque o que mostramos non se ensina nas escolas de cinema. É dicir, o labor que desenvolve unha filмотeca non é só a de exhibir películas, é preciso a súa preservación. Por desgraza, é un proceso lento e moi pouco recoñecido.

Nos últimos anos recuperáronse películas que se crían perdidas e o seu descubrimento ensinounos que temos que reescribir a historia do cinema. Son demasiadas as películas do cinema mudo que desapareceron aínda que afortunadamente aparecen algunhas que levan forzosamente a reescribir a historia. Que estas películas existan débese nalgúns casos a casualidades e noutros a unha persoa que por unha cuestión de conciencia decidiu salvar ese material. Lembro escoitar unha gravación do fundador da Cinemateca Francesa, Henri Langlois, na que contaba con frustración como descubriera nun mercadillo unha versión de *Salomé* (J. Gordon Edwards, 1918) que non comprou nese momento e que despois non volveu a atopar. A historia do cinema reescíbese continuamente e sobre todo desde Europa onde facemos unha historia occidentalizada. Pero de súpeto chegan a nós creadores como o tunisiano Albert Sasama-Chikli, que proxectou películas dos irmáns Lumière en Tunes, filmou baixa a auga e capturou imaxes da I Guerra Mundial, e a túa visión muda. O mesmo pasa coas mulleres cineastas, aínda non abondo recoñecidas..

Neste relato que personaxes destacarías como grandes responsables do rescate e conservación de materiais audiovisuais? A todas. A esa persoa que creu en algo e salvou ese material que máis tarde foi clave para coñecer mellor o pasado. Os arquivistas son todos heroes, pero se me pides só dous nomes diría os de Henri Langlois nos anos 30 e Martin Scorsese, na actualidade, un cineasta que se interesa moito por todo este campo e colaborou na creación de The Film Foundation.